

ADAPTACIÓN DA
PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA.
EDUCACIÓN
INFANTIL - 5 ANOS
CURSO 2019/2020

TITORAS:

María del Carmen Vázquez Rial

Josefa Sanmartín Souto

CENTRO: CEIP DE ARZÚA

CURSO: 5 anos A e 5 anos B respectivamente.

DATA: 12 /05/2020

1.INTRODUCCIÓN (etapa, alumnado, NEAE)

Tendo en conta a Lei 2/2006 do 3 de Maio, onde se considera que a Educación Infantil é unha etapa educativa con entidade propia e carácter voluntario, en Setembro de 2019, a inicio do presente curso escolar elaboramos a programación de nivel (5 anos) para o curso 2019-2020.

Esta programación estaba deseñada para un grupo de 35 alumnos divididos en dúas aulas:

- **5 anos A: 16 alumnos/as**
- **5 anos B: 19 alumnos/as**

Presentándose casos de alumnado con NEAE.

Na elaboración da Programación didáctica tivemos en conta aspectos como as características dos discentes , principios psicopedagóxicos e consecuencias didácticas.

Dende o día que se comunicou o Estado de Alarma o 16 de Marzo e posteriormente tras as directrices da Consellería de Educación , Universidade e Formación Profesional para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico nos centros docentes para a Comunidade Autónoma de Galicia e publicadas o 27 de Abril , vímonos na necesidade de modificar aspectos tales como a metodoloxía, actividades, temporalización , espazos e criterios de avaliación que a continuación expoñemos:

2. METODOLOXÍA UTILIZADA NO TERCEIRO TRIMESTRE:

(Alumnado con conectividade e sen conectividade, materiais e recursos)

Tras o estado de alarma optamos por unha metodoloxía activa a nivel de aula, comunicándonos a través da páxina web do cole (subindo algúns dos traballos elaborados polo alumnado) e a través do grupo de wasap que cada titora ten coas súas familias.

En todo momento as titoras mantivemos un bó contacto con todo o alumnado en xeral, se ben é certo que alguna familia non tiña os medios precisos para poder levar a cabo certas actividades , o cal provocaba un certo retraso na realización das mesmas.

Neste caso, metodoloxicamente falando, cada titora mantivo o contacto coas familias atendendo as necesidades de cada grupo , sen atender a horarios , estando dispoñibles en todo momento para calquera consulta, dúbida, explicación, modificación ou adaptación de actividades, de ser o caso.

Nesta situación na que estamos a vivir observáronse algunhas dificultades para que os nosos/as alumnos/as poidesen realizar algunhas tarefas . O motivo principal é a falta das novas tecnoloxías . Algúns non dispoñen de ordenador,

tablets e/a conexión a internet con baixa cobertura dependendo das zonas e utilizando os datos móbiles na maioría dos casos.

As circunstancias de cada familia derivadas do COV-I-19 como pode ser o traballo e a conciliación familiar non son as máis idóneas para poder acompañar , dirixir e axudar aos seus fillos e fillas na realización das súas tarefas. Este problema fómolo subsanando entre nós , adaptando as actividades e enviándolles o material e libros dos alumnos/as aos seus domicilios, para poder seguir reforzando e repasando contidos tal e como dictan as instrucións.

Neste momento as titoras mantemos un contacto semanal coas familias a través dos nosos teléfonos persoais , facendo chamadas , videoconferencias grupales a través de skype , e en grupos máis reducidos a través de wasap.

A metodoloxía que estamos a desenvolver para contactar coas familias, comezou enviándolles diariamente actividades (sempre respectando o calendario escolar) , pero tras conversar cos pais e nais, e por consenso , consideramos que era máis axeitado envalas semanalmente para unha mellor organización de cada unha de elas debido aos factores anteriormente mencionados. . Cada semana propóñense unha serie de actividades que o alumnado, cada un ao seu ritmo, vai realizando e enviando de volta a titora para un seguemento dos mesmos . Aínda así seguimos en contínuo contacto todos os días por se precisasen calqueira tipo de axuda: orientación, consulta, material, modificación e adaptación de alguna actividade.

Tamén temos que ter en conta que houbo gran cambio no tempo de realización das actividades e das rutinas , estas últimas son de gran importancia e imprescindibles na Educación Infantil , o igual que os espazos nos que desenvolven diariamente as súas tarefas nas aulas. O cambio é maior para o alumnado con NEAE , costándolle moito máis adaptarse a nova situación. De aí a importancia da Atención a Diversidade do alumnado.

Queda de manifesto pois , que a natureza da competencia, as condicións do alumnado e as súas familias, a dispoñibilidade de recursos... , condicionan o proceso de ensino- aprendizaxe e os métodos empregados.

3.ACTIVIDADES MODIFICADAS E REALIZADAS NO TERCEIRO TRIMESTRE (Reforzo, recuperación , repaso e , no seu caso ampliación)

As actividades levadas a cabo neste terceiro trimestre, foron actividades de reforzo e repaso de contidos xa traballados na aula. Tendo en conta que hai alumnado con NEAE, estamos en contando coas especialistas de PT e AL, ademáis dos especialistas de Relixión , Inglés, Música , Psicomotricidade e TIC para ,que de forma coordinada, poidamos proporcionarlles actividades axeitadas, non repetitivas e adaptadas para que así poidan acadar un dos obxectivos fundamentais da nosa programación.:

"Potenciar e favorecer o desenvolvemento das capacidades dos nenos e das nenas respectando a diversidade e as posibilidades de cada un."

Queremos deixar constancia que para nós as actividades propostas foron e son sempre actividades voluntarias que cada familia pode e debe adaptar as súas circunstancias persoais e de cada neno e nena, traballando así dun xeito globalizado para abarcar todas as competencias:

Reforzamos e repasamos actividades de

1. Competencia en comunicación lingüística :

Repasamos actividades de lecto-escritura (a través de repaso de videos utilizando apps e youtube e actividades impresas) traballamos sobre contos (realizando actividades plásticas sobre eles, traballando valores, debuxos...), expresamos os nosos sentimentos,...

2. Competencia matemática:

Repasamos e reforzamos os números do 1-10, a súa grafía ,asociación número – cantidade, inicio a suma e incio a resta. Traballamos tamén con obxectos da vida cotiá facendo clasificacións , series, recortando e traballando a motricidade tanto grosa como fina. Facemos tamén especial fincapé en actividades para traballar a atención e a intelixencia , así como o pensamento e secuencias.

3. Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico:

Continuamos traballando este aspecto coas estacións , en este terceiro trimestre, a través de actividades sobre a Primavera, os animais da estación, clima... e dámosnos conta da importancia de interactuar cos demais, que, debido ao estado de alarma é algo inaccesible. Esta situación permitiunos abordar coñecementos acerca do Cov-19 a través de contos e cancións.

4. Tratamento da información e competencia dixital:

A través de apps para repasar diversos conceptos relacionados coas diversas competencias.

5. Competencia social e cidadá:

Son moitos os aspectos que traballamos dentro desta competencia: normas relacionadas co COV-19 , traballos sobre a igualdade, Día da concienciación do Autismo, Día da Nai ou Día do Pai, Letras Galegas , Dia de Europa...

6. Competencia cultural e artística:

Seguimos coa temática do Cine que era o noso proxecto de traballo para este curso e como eixe globalizador para todo o centro. Dentro desta competencia traballamos tamén diferentes actividades artísticas: debuxos para o confinamento, bailes grupais sobreo Coronavirus... Tamén fixemos xogos populares con materiais de refugallo, e divertímonos usando diferentes técnicas plásticas que inclúen actividades das diferentes competencias.

7. Autonomía e iniciativa persoal

Esta competencia traballámola a través de actividades que o alumnado pode realizar na casa , axudando así nas tarefas familiares: poñer a mesa, fregar, facer a cama, recoller os xoguetes,etc.

Con respecto as actividades continuamos traballando as conmemoracións establecidas no calendario escolar :

2 de Abril : Día da concienciación do autismo

7de Abril : Día da saúde

23 de Abril: Día do libro

9 de Maio:Día de Europa

17 de Maio : Letras Galegas

5 de Xuño : Día do Medio Ambiente.

En canto as actividades complementarias e extraescolares , estas quedaron suspendidas ou aprazadas para o vindeiro curso.

4.AVALIACIÓN (procedementos,criterios...)

Debido a todos estes cambios producidos, vímonos na necesidade de modificar tamén algún aspecto da avaliación incluído na nosa programación.

Nos criterios de avaliación establecidos consideramos que a avaliación na Educación Infantil é global, continua e formativa , tendo como un dos criterios fundamentais *a observación directa e sistemática* dos nenos/as, criterio que nesta avaliación non poderemos levar a cabo debido as circunstancias. Nas avaliacións anteriores era un dos principais procedementos a ter en conta.

Por tanto, os criterios de avaliación flexibilizaranse atendendo o desenvolvemento xeral do alumnado e a consecución xeral dos obxectivos de etapa e nivel ata o momento do estado de alarma.

Dado que a programación de Educación Infantil debe ser flexible e globalizada , no momento do estado de alarma todos os contidos referentes aos obxectivos xa os tiñamos traballados en maior ou menor medida, polo que a maioría dos obxectivos xerais de 5 anos establecidos na nosa programación estaban superados pola maioría alumnado, tendo en conta as características de cada neno/a .

En canto os items de avaliación do terceiro trimestre só teremos en conta os acadados polo alumnado ata o momento do estado de alarma, reducíndoos e deixando constancia dos mesmos unha vez establecidos e decididos en reunión de ciclo/nivel e de acordo cos especialistas correspondentes.

Avaliaremos tamén a nosa práctica educativa ante esta situación.

5. CONCLUSIÓN

A nosa programación é un instrumento fundamental de axuda que nos orienta no proceso de ensino- aprendizaxe. Mediante esta, sistematizamos o traballo diario previndo de forma flexible, as tarefas a realizar durante o proceso educativo. En calquera caso, esta programación non é un documento pechado, senón que está aberto de cara á adaptabilidade en virtude das características particulares do alumnado de dos momentos puntuais que poidan xurdir, e iso sí , tendo sempre en conta os seus intereses e inxerencias .

Para nós as actividades propostas dende o estado de alarma foron e son sempre actividades voluntarias que cada familia pode e debe adaptar as súas circunstancias persoais e de cada neno e nena.

Considereamos ademáis, que a Educación Infantil é unha etapa non obrigatoria na que se deben ter moi en conta as características de cada alumno e alumna, o ritmo de traballo de cada un e agorna mesmo, non podemos esquecer as circunstancias persoais que o COV-19 poida desencadear no seu ámbito familiar , podendo repercutir no desenvolvemento das tarefas e na súa aprendizaxe.

Por iso , ante a situación do estado de alarma consideramos que no próximo curso este alumnado cambia de etapa e a gran maioría ten alcanzados os obxetivos da Educación Infantil, o profesorado que imparta clase neste grupo de alumnos e alumnas en primaria, debería ter en conta que este terceiro trimestre foi de repaso e reforzo dos dous anteriores, e que nós as mestras e mestres, estamos a disposición para poder programar o vindeiro curso xunto cos titores/as de 1º de Primaria.

6.INFORMACIÓN E PUBLICIDADE (información ás familias e publicación na páx web do centro)

Esta información será publicada na páxina web do centro nun lugar accesible a disposición de toda a comunidade educativa por parte do equipo directivo, tal e como dictan as instrucións do 27 de Abril.

Así mesmo , e , seguindo as mesmas instrucións , as titoras informaremos ás familias nos prazos que a Conselleria de Educación e Ordenación Universitaria establece para tal fin.

En Arzúa, 12 de Abril de 2020

As titoras de 6º A e B de E.I.

María del Carmen Vázquez Rial

Josefa Sanmartín Souto